

Revista Escolar

Nº 6 (2^a época)

ANO 2013

CHORIMA



**CEIP SANTA MARÍA
AS PONTES**

Índice de contidos

Editorial.....	1
Un día especial. <i>Ed. Infantil</i>	2
Roberto Vidal Bolaño. 1º Ed. Primaria	4
Visita á Capela. 2º Ed. Primaria	5
Roteiro pola Vila. 3º Ed. Primaria	6
Visita ao Concello. Visita á Rtv Eume. 4º Ed. Primaria	8
Xornalistas por un día. 5º Ed. Primaria	10
A nosa nova biblioteca. En abril, libros mil. 6º Ed. Primaria	12
Un colexio indiano coma o noso. 3º ciclo Ed. Primaria	14
Uso das novas tecnoloxías.	15
Viaxe a Cabeza de Manzaneda. <i>Ed. Física</i>	16
Departamento de Orientación.....	17
Bye- bye, Zack. <i>Inglés</i>	18
Homenaxe a Rosalía de Castro.....	20
Himno do CEIP Santa María.....	21
Dende a ANPA	22
Momentos especiais	23

CEIP SANTA MARÍA

Teléfono e fax: 981450721

E-mail: ceip.santamaria.aspontes@edu.xunta.es

Páxina web:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantamariaaspontes>

EDITORIAL

Chega o mes de xuño e todos estamos impacientes esperando a nosa CHORIMA, que coma sempre vén cargada de vivencias, actividades e traballos do ano escolar que remata.

O primeiro recordo é o inicio do curso que, nesta ocasión, estivo marcado pola nova imaxe exterior do centro. Cambiou a cor que tantos anos levaba acompañándoo por unha cor azul que ao principio chamou un pouco a atención pero que cada vez gusta e identifica máis ao noso colexio.

No ano escolar 2012-2013, tamén chega o tan esperado e ansiado cambio da biblioteca; unha gran obra froito do traballo cooperativo e compartido de mestres, alumnos e concello, da que me sinto moi satisfeita e comprometida para seguir traballando e mellorando nos vindeiros anos.

A finais do mes de maio tivemos a despedida do noso auxiliar de conversa, Zack. Unha persoa moi querida por todos, pasará moito tempo antes de que tanto os mestres coma os alumnos nos esquezamos del. Un compaño sempre colaborador, participativo e do cal sempre lembrei o seu saúdo amable acompañado dun tímidio sorriso.

Animar a todos á lectura atenta da nosa revista na que palpita un curso escolar único e irrepetible, como son todos os cursos escolares.

Felices vacacións e un agarimoso saúdo.



UN DIA ESPECIAL

Os nenos e nenas de infantil participamos en contacontos "Julieta y su caja de colores", teatro "O país dos mandóns", exposición, concursos e outras actividades.





Para aprender sobre astronomía visitamos un planetario-móvil Noche Lexio Monte caxado.



¡Semellaba ser noite!
¡cuntas estrelas
alumecaban!

Sámos de excusión á Granxa
Belelle en Neda.

Visitamos os animais e atalles
demos de comer.



Vimos ovos de diferen-
tes tamaños,
aprendemos a facer pan
e.... montamos en pony.



¡ Que formalinos ! Ninguén
quere perder turno !



Biografía en cores

Vidal Bolaño

Letras Galegas 2013

- Nun barrio de Santiago correu porque en Vista Alegre naceu.
- Comezou no grupo Abrente, traballando con moita xente.
- Foi un actor extraordinario do teatro contemporáneo.
- Moita fama acadou con Touporroutou da lúa e do sol.
- No ano 2002, en Compostela finou.
- Como cómico que foi co nariz de pallaso se identificou.

Os abonemos de ti.

VISITA Á CAPELA

As nenas e os nenos de 2º de primaria realizamos unha saída á Capela para coñecer o Museo Etnográfica e mais o Centro de Interpretación da Xoga. Nesta viaxe acompañáronos as nenas e os nenos de 1º.



No Museo aprendemos como eran os traballos e as ferramentas antigamente.

Que divertido o xogo dos zancos!

Recibironos con moito agrimo.



Que ben o pasamos!
Mirede esta foto.
Que contentos estamos!

ROTEIRO POLA VILA



Os alumnos de 3º fomos visitar a parte máis antiga da nosa localidade.


Entre outras cousas, visitamos a igrexa parroquial e o antigo cemiterio, que áinda conserva esta inscrición na súa entrada :

CUAL TE VES ME VI
CUAL ME VES TE VERÁS
TRAE ESTO EN LA MEMORIA
Y NO TE CONDENARÁS.

Achegámonos a onde
estaba o antigo hospital
de San Xoán.



Tamén vimos casas moi antigas, como esta de 1.552.



A ponte de Isabel II



A ponte dos ferros



E tamén a ponte romana e
a árbore de Xaguín das Herbas.

Aprendemos moitas
coisas sobre a nosa
localidade!



Visita ao Concello de As Pontes

Os alumnos de 4º podemos contaros sobre dous
experiencias novas que tivemos a sorte de
vivir este curso.

A primeira foi a visita ao CONCELLO,
no que fomos recibidos polo

Alcalde e algúns traballadores
que aquí prestan os seus servizos.

Despois de explicarnos moi
amablemente o funcionamento
algúntas seccións, o noso Alcalde
e a Tenente de alcalde convida-
ronos a entrar na Sala de Plenos onde requeiramos
unha sesión na que ocupamos durante unha hora
os cargos políticos dos nosos representantes na
vida local. Nesta xuntanza, debatimos sobre proble-
mas achais e propuxemos iniciativas



(algunhas aprobadas por
unanimidade) das que o
Alcalde tomou boa nota.

A algúm quereulle tamén
saber de boca que cando
medre, igual chega a ocupar
este cargo político e sentarse
nun escano.



Visita a RTV Eume

Para presentarnos nas ondas de RTV Eume preparamos uns traballos sobre distintos temas referidos a épocas pasadas da nosa vila. Todos moi importantes e ben documentados baseándonos nos libros e artigos escritos polo antigo cronista oficial da vila e outros historiadores estudosos do noso pasado.

Para que todo saíse ben, contamos coa desinteresada axuda e colaboración dun magnífico profesional desta entidade que

nos aprendeu técnicas e deunos consellos para que todo resultase perfeito.


Esta persoa que todos coñecedes chíname Xosé María Cendón Montero.

Grazas a el e ao seu equipo saíu en antena o noso traballo.



XORNALISTAS POR UN DÍA

Así nos sentimos en distintas momentos ao longo do curso facendo un periódico, realizando reportaxes e rodando un telexornal.



A rodaxe do telexornal foi moi divertida.



Pareciamos xornalistas profesionais.



Hai moitas tomas falsas.




Custou moito facelo, pero repetiríamos.



No periódico tocounos a sección internacional.



Ao final quedou un xornal moi grande.



Despois de varios meses, os de sexto puideron gravar a reportaxe sobre a pista de karts.



Expertos non son, pero a reportaxe Sobre o instituto saíelles marabillosa.




Pasárono moi ben facendo entrevistas ás dependentas das tendas da nasa vila.



Alejandro, reportero profesional no lago das Pontes...

A NOSA NOVA BIBLIOTECA

O martes 23 de abril, foi un día moi especial para todos nós, pois ademais de ser o Día Internacional do Libro, chegou o momento de abrir de novo as portas da nosa biblioteca, a biblioteca do Santa María, ese lugar onde atoparemos un sinfín de tesouros por descubrir, lugares máxicos por coñecer e inesperadas aventuras por vivir.



Veu o alcalde para inaugurala.



Lemos o pregón de Rafael Alberti, dedicado ao libro.



Recollemos os nosos carnés.



Explicáronnos como estaba organizada.

EN ABRIL, LIBROS MIL

Ao longo de todo o mes, tivemos moitas actividades de animación á lectura:

Visualización na zona audiovisual da biblioteca do conto *Julieta y su caja de colores*, dinamizado pola orientadora do centro.



Educación Infantil e 1º ciclo de EP

Tucho Calvo fixonos a animación do seu libro “*Paxaro de mar e vento*”.



2º ciclo de E. Primaria


O alumnado do 3º ciclo participou na obra “*Touporroutou da lúa e do sol*” de Roberto Vidal Bolaño, obra que adaptou César Candelas, pai dunha alumna.



UN COLEXIO INDIANO COMA O NOSO

O pasado 31 de outubro, os nenos de 5º e 6º de primaria fomos ver a escola indiaña de Santaballa. Este centro fundouse no 1907 e agora ten máis de 100 anos.

Acordome de que unha señora escribiu un poema cando o seu fillo marchara para A Habana e, cando este



Dábanme moita pena! Tinan que abandonar o que máis querían: a súa terra, a súa familia... A fotografía que máis me irundou o corazón de tristeza foi a dun neno duns doce anos que xa tiña as maletas feitas para irse a Cuba.


Cando saímos xogamos a fútbol
Foi unha excursión invidable!

volver, a súa mae xa morrera.

Visitamos a aula dun mestre e a súa habitación e despois un teatrón que había teatros a medio facer.


Un piso máis abaxo había moitos obxectos antigos: billetes de Cuba, pesetas, xornais, o Regulamento Xeral, o Regulamento da Liga Santaballesa...

No último andar había fotos de emigrantes.



Uso das novas tecnoloxías

Dado que son unha ferramenta imprescindible nos tempos que estamos a vivir, este curso tivemos unha experiencia nova tendo a oportunidade de ver mediante videoconferencia o que acontecía no parque temático Loro Parque de Tenerife.



Desfrutamos dunha serie de sesións:


- 19 de febreiro: os nenos/as de 3º coas orcas mariñas.
- 20 de marzo: os de 3º cos gorilas.

- 16 de abril: os de 4º cos golfinhos.
- 23 de abril: os de 6º coas tartarugas mariñas rescatadas.

Os pequenos pasárono moi ben e aprenderon moito coa experiencia, tal e como relata a continuación unha das alumnas (Andrea de 4º):

"Para que todo saíra ben investigamos sobre a vida e costumes dos golfinhos. Cando chegou o día, todos estábamos moi emocionados, sobre todo ollando os seus nomes, que eran moi orixinais. Despois explicáronnos as partes do animal nunha radiografía.


Chegou a ronda de preguntas e logo vímos ensaiar para a súa actuación, que comezou levantando ao adestrador e marcándose un baile con eles".



Viaxe a Cabeza de Manzaneda

Este ano os alumnos de 5º e 6º voltamos de novo a Manzaneda. Fixemos unha parada

para visitar
o **Castelo** de
Castro
Caldelas e o
seu **Museo**
Etnográfico.



Xa alí puidemos desfrutar da beleza do seu entorno, participando en diversas actividades como sendeirismo, tiro con arco ou diversos xogos.


E, por suposto, pasámolo en grande coa neve!



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

As xoaniñas


Á dereita colorea e á esquerda pon puntiños para que as xoaniñas sexan iguais.




Hai 23 sumas dispostas horizontalmente de esquerda a dereita e verticalmente de arriba a abixo. Podes atopalas?

2	1	10	+	6	-	16	7	2	10	12
7	9	6	9	15	7	1	1	3		
9	9	9	3	12	14	5	5	5	6	
8	8	9	1	10	3	4	6	9		
8	17	7	6	10	6	8	7	3		
16	5	9	6	4	9	12	3	8		
7	1	16	12	14	3	7	10	8		
4	6	10	3	4	7	10	9	16		
5	10	15	3	6	9	6	2	8		

Encontra as 5 diferenzas.




Atopa as 7 diferenzas.
Poden ser de tamaño, cor e orientación.



Bye-Bye, ZACK!


Despois de dous anos connosco, Zack díxonos adeus. Dende a área de inglés queremos adicar a noxa sección na Revista Chorima ao seu traballo no noso centro.

Aínda que ao principio tiñamos moito medo a non entendelo, pouco a pouco, e a través das actividades que preparaba para nós, fomos perdendo ese medo porque conseguiamos comunicarnos. Resulta imposible plasmar en só dúas páxinas todas as cousas que con el fixemos, así que centrarémonos en dúas das actividades que máis nos gustaron.





Thanksgiving ou Acción de Grazas tamén nos resultou moi novedoso. Zack explicounos a súa orixe e historia. Falounos dos pilgrims e do Mayflower, dos Indians, especialmente de Squanto e do difícil que foi o primeiro ano de vida dos peregrinos en América. Tamén fixemos un curso de cociña moi especial e mesmo elaboramos o noso propio menú para un banquete de Acción de Gracias.

Os traballos feitos para celebrar o Día do Libro eran dos favoritos de Zack. O primeiro ano traballamos con distintos autores da literatura en inglés. Pintamos un retrato de Shakespeare seguindo a técnica de Andy Warhol e tamén fixemos minilibros sobre escritores moi coñecidos como Emily Brönte, Jack Kerouac, Jane Austen o Mark Twain.



A celebración do 2013 adicámola a coñecer en profundidade un dos libros más importantes da cultura anglosaxona. Zack visitou Irlanda e trónuxonos un exemplar de *The Book of Kells* para colorear. Neste libro coñecimos a historia do manuscrito, o lugar onde se atopaba e o pasado celta que compartimos Irlanda e Galicia. Con todo o que aprendemos fixemos uns minilibros e uns marcapáxinas decorados coma se forámos auténticos monxes celtas.



Dende estas páxinas só nos queda desecharlle moita sorte a Zack na súa nova vida e darlle as grazas polo seu traballo no nogo centro.

Podes ver máis actividades en <http://skidamarink2012.blogspot.com.es/>

HOMENAXE A ROSALÍA DE CASTRO


O 17 de maio de 1863, Rosalía de Castro asina a dedicatoria do seu libro *Cantares Gallegos*, dedicándolle á escritora Fernán Caballero, que en realidade non era un home senón unha muller, a escritora Cecilia Böhl de Faber. Rosalía tiña, nese momento, 26 anos.

Nesta obra, Rosalía glosa cantares populares, ditos e refráns.

O primeiro poema que aparece no libro comeza así:


Has de cantar,
que che hei de dar zonchos;
has de cantar,
que che hei de dar moitos.

Os alumnos do colexio Santa María sumámonos á conmemoración dos 150 anos da publicación dos *Cantares* de Rosalía, data que marca o inicio do Rexurdimento das nosas letras. Para iso participamos en diversos actos, como este que podedes ver, que corresponde a unha lectura de poemas realizada no Liceo Recreativo e Artístico.



HIMNO DO CEIP “SANTA MARÍA”

Hai nas Pontes un colexio
con historia coñecida
de homes e de mulleres
que naceron nesta vila .




**“Santa María” “Santa María”
colexio da miña infancia
“Santa María” “Santa María”
O mellor tempo da miña vida .**

Fixérono os emigrantes
que saíron algún día
para conseguir na Habana
o que aquí non había .




**“Santa María” “Santa María”
colexio.....**



Antes de ser un colexio
de moitas cousas servía
foi un cuartel e un casino
e agora é centro de ensino .

**“Santa María” “Santa María”
Colexio.....**

Para estudar e aprender
algo novo cada día
para facer bos amigos
eu vou ao “Santa María” .



**“Santa María” “Santa María”
colexio...**

As Pontes “Letras Galegas 2007”



**ANPA PONTE ROMANA
CEIP SANTA MARIA – AS PONTES**

Os nosos fillos están encantados de que nós *traballemos* no ANPA: "Mi mamá trabaja en el ANPA de Santa María" din con fachenda; e nós tamén nos sentimos orgullosas do *traballo* que realizamos durante todo o curso, cos nosos acertos e cos nosos erros.

A nosa primeira intención é traballar co obxectivo de favorecer e mellorar a educación dos nosos fill@s, porque entendemos que é tarefa de todos: pais, nais e escola. Cando adquirimos o título de PAIS adquirimos tamén o deber de educar, por suposto educar na casa; pero tamén o deber de formar parte da comunidade educativa para, xunto cos mestres, conseguir o mellor para os nosos fillos. Para cumplir co noso deber dentro da escola formamos a nosa ANPA, para servir de ponte entre as nosas familias e o colexió.

Certo é que, en moitas ocasións, a figura do ANPA vese sinxelamente como un organizador de festas ou de partidos de fútbol sala... Non é só iso... Colaboramos nas actividades educativas e extraescolares do centro, promovemos a participación dos pais dos alumnos, fomentamos as relacións de cooperación con outros centros escolares, promovemos actividades formativas e culturais, cubrimos papeis e máis papeis inintelixibles para acadar subvencións que semellan inalcanzables, etc.

Non todo é festa... Non temos cores, nin representamos ideoloxías; pero este curso tocounos lidiar con algo que nos afecta a todos: o futuro educativo dos nosos fillos. É un dos nosos fins recollido nos estatutos: <<requerir dos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación referentes á educación>>.



Pero nós somos só unha parte que vos representa; en moitas ocasións non chegamos, senón que **necesitámossos a todos**.

Temos a inmensa sorte de contar cunha Dirección e un Profesorado que colaboran en todo momento con nós, e que nos poñen as cousas moi sinxelas; mesmo nos ceden un local que lles é de moita falta para ter a nosa propia oficina: USÁDEA, non utilicedes o patio como centro neurálico e subide ao primeiro andar do pavillón pequeno. Estaremos encantados de recibirvos e tentar solucionar calquera dúbida; e estaremos tamén encantados de que entredes a formar parte desta Directiva, vinte mans sempre traballan máis que dez.

Desfrutade do verán, vémonos o curso que vén!!!!



MOMENTOS ESPECIAIS





Observa a evolución dos alumnos que este curso nos deixan para iniciar a viaxe cara a Educación Secundaria.

